

RESOLUCIÓN DO 22 DE XULLO DE 2026 POLA QUE SE MODIFICA A RELACIÓN DE ASPIRANTES QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO DE ACCESO LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA, POLO SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO NA ESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA, SUBESCALA ADMINISTRACIÓN

A universidade de Vigo convocou un proceso selectivo de acceso libre e promoción interna, polo sistema selectivo de concurso-oposición, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas de persoal de administración e servizos, entre elas a escala Auxiliar Administrativa, subescala Administración, mediante a resolución de 1 de decembro de 2022 (DOG do 16). O proceso selectivo rematou mediante a resolución do 24 de xullo de 2024.

Contra esta última resolución presentou un recurso Amalia Sánchez Novelle, que foi desestimado na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, do 21 de maio de 2025. A continuación formulou un recurso de apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que foi parcialmente estimado, na sentenza do 4 de febreiro de 2026.

O 15 de xuño de 2026 a Universidade de Vigo ditou unha resolución para darlle cumprimento na que acordou retrotraer o procedemento á fase de baremación. Cumprimentada esta, o órgano de selección elevou unha nova proposta a prol de Amalia Sánchez Novelle .

Por conseguinte, de acordo cos feitos relatados e coa normativa de función pública aplicable, e á vista da proposta elevada polo tribunal

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro: Modificar a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso á escala Auxiliar administrativa, subescala Administración, aprobada mediante a resolución de 24 de xullo de 2024, para incluír á seguinte aspirante que superou o proceso selectivo:

NIF	NOME
***0377**	Sánchez Novelle, Amalia

Segundo: Conceder á aspirante un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo para presentar a documentación requirida na base 8.1 da convocatoria.

Quen estea prestando servizos na Universidade de Vigo na data de publicación desta resolución só deberá presentar a titulación académica (apartado b) da base anterior. A documentación presentarse con carácter preferente na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1150909>); tamén poderá presentarse na oficina de asistencia en materia de rexistro do Campus de Vigo (edificio Exeria, campus Universitario, 36310-Vigo), nas oficinas de asistencia en materia de rexistro dos Campus de Ourense (Unidade administrativa) e Pontevedra (Escola de Enxeñaría Forestal) ou segundo as restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 22 de xullo de 2026

María Carmen García Mateo
Reitora da Universidade de Vigo